



FONDO SOLIDARIO. AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO. AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2017/18

- **Normativa:** Orde do 16 de maio de 2017 (DOG 22/05/2017)
- **Prazo de presentación de solicitudes:**
 - 23 de maio ata 23 de xuño de 2017
- **Lugar de presentación:** A secretaría do centro
- **Requisitos:**
 - **Alumnado matriculado no curso 2017/18 en:**
 - **Fondo solidario:** 3º, 4º, 5º e 6º Ed. Primaria
 - **Axudas libros:** 1º e 2º Ed. Primaria
 - **Axudas material:** Todos os curso de Ed. Primaria
 - **Devolver os libros de texto que se lles prestaron polo programa de fondo de libros no curso 2016/17 (data límite da devolución o 23 de xuño). O alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria non ten que devolver os libros de texto.**
- **Contía das axudas**
 - **Fondo solidario:** Pode solicitar a axuda todo o alumnado independentemente da renda pero os libros que hai no fondo solidario repartiranse atendendo á renda das familias. As familias teñen dereito a un mínimo de libros en función da súa renda:
 - Renda ata 5400 € dereito a 6 libros
 - Renda de 5400, 01 ata 9000 € dereito a 4 libros
 - **Axuda para adquisición de libros de texto**
 - Renda ata 5400 €: 170 €
 - Renda de 5400, 01 ata 9000 €: 90 €
 - **Axuda para adquisición de material escolar:**
 - Renda ata 5400 €: 50 €

Renda familiar per cápita = renda familiar dividida entre o número de membros da familia computables.

Cálculo da renda familiar = (casilla 380+ casilla 395)/número de membros da unidade familiar*

*Enténdese que son membros da unidade familiar (situación familiar a 31 de decembro de 2015)

- Pais non separados legalmente ou titores
- Pais, non casados, que convivan
- Fillos menores de idade salvo os emancipados
- Fillos maiores de idade con discapacidade suxeitos a patria potestade
- Fillos solteiros menores de 25 anos que convivan ata 31 decembro 2015
- Membro unidade familiar con discapacidade igual ou superior o 33% conta por dous membros



▪ **Documentación a presentar:**

- **Solicitud (a vosa disposición na web da Consellería de Educación, na secretaría do centro e na web do colexio)**
- **Copia do Libro de Familia no que figuren todos os membros da unidade familiar. (Traer tamén orixinal para facer comprobación)**
Se NON TEÑEN Libro de Familia ou a situación familiar é diferente á especificada no Libro de Familia poderán acreditar o número de membros empregando algún destes medios:
 - **No caso de separación ou divorcio, sentenza xudicial de separación ou divorcio ou o convenio regulador onde conste quen ten a custodia do menor**
 - **Certificado de empadramento da unidade familiar**
 - **Certificado do concello que acredite a situación familiar**
- **Certificado de discapacidade de calquera membro computable da familia recoñecido por órgano que non pertenza á Xunta de Galicia**
- **No caso de violencia de xénero no ámbito familiar, documentación que o acredite**

***Farase a consulta automática dos seguintes datos: dni ou nie, declaración da renda e grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia. No caso de que os interesados non autoricen a consulta automáticas deste datos terán que achegar a documentación correspondente.**

*** Familias que teñen máis de 1 fillo no centro realizarán unha única solicitude**

Lugo, 22 de maio de 2017

O director



Manuel Rodríguez Lorenzo